



Dispensación responsable do alcohol



Índice

Algúns datos	4
Colectivos de risco	5
Menores de idade	6
Lei Vixente	7
Dispensación Responsable	8
10 pautas dunha dispensación responsable	9
Recoñecendo signos de intoxicación	10
Como negarte a servir alcol	11
Coma etílico, que facer?	12

Algúns datos

O consumo de alcol en España garda cifras moi elevadas. Segundo a OMS, España é un dos países con maior consumo de alcol por persoa, situándose por encima da media Europea.

España responde ao que se denomina **Patrón de Consumo Mediterráneo**. É un consumo ligado ás relacións sociais que se producen maioritariamente a través da canle da hostalería.

As persoas novas adoitan beber no seu tempo de diversión e no marco do grupo de amigos e amigas, mentres que as persoas adultas fano con máis regularidade, en grupo e ás veces en soidade.

O 85%
do gasto en bebidas
alcohólicas prodúcese
a través do sector
hostaleiro.

O consumo de alcol
non se concentra no fin
de semana, hai unha
maior tendencia
a consumir de xeito
moderado pero en máis
ocasións.

O 76 %
dos litros totais
consumidos
prodúcese a través do
sector hostaleiro.

Tendo en conta estes datos, a implicación do sector hostaleiro resulta moi útil para previr e reducir os consumos de risco, especialmente nas persoas menores de idade.

Esta guía pretende contribuír así a un lecer seguro, responsable e máis saudable con respecto ao consumo de alcol.

Colectivos de risco


Considéranse colectivos de risco ás persoas que, polas súas condicións físicas, circunstancias ou idade non deben inxerir ningún tipo de bebida alcohólica, pois calquera cantidade supón un prexuízo. Estes colectivos son:



**Condutores ou
condutoras**



**Mulleres
embarazadas**



**Menores de
idade**

Tampouco hai que esquecer a aquelas persoas que padecen enfermidades que reducen a súa tolerancia ás bebidas alcohólicas ou con traballos que impliquen un risco para si mesmos ou mesmas ou para as demais persoas se se desenvolven baixo os efectos do alcol.

Menores de idade



Segundo o ESTUDES, a idade media do inicio no consumo de alcol sitúase nos 14 anos.

As persoas menores de idade representan un colectivo no que se debe prestar a máxima atención por ser especialmente vulnerable aos efectos do alcol.

Na adolescencia, o consumo de alcol afecta de xeito negativo ao desenvolvemento físico, psicolóxico e social, producindo alteracións do comportamento, aprendizaxe e memoria, así como diferentes trastornos dixestivos, hepáticos, cardiovasculares e endócrinos .

Estas razóns son suficientes para entender porque o consumo de alcol en persoas menores de idade debe ser nulo.

O persoal de hostalería debe prestar especial atención e evitar que as persoas menores de idade consuman algún tipo de bebidas alcohólicas controlando o acceso aos locais e solicitando o DNI ante calquera dúbida con respecto á idade.

Lei Vixente

A Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade sinala:

"Prohíbese a venda, entrega, ofrecemento, suministro ou dispensación gratuíta ou non de bebidas alcohólicas a persoas menores de 18 anos"

" Prohíbese a venda de bebidas alcohólicas entre as 22,00 horas e as 9,00 horas"

SANCIÓNS

Sancións económicas (dende 601 ata 600,000 euros, dependendo da gravidade) e posibles suspensións temporais da actividade ou mesmo o peche de empresas, establecementos, centros ou servizos por tempo máximo de 5 anos.



Dispensación Responsable

A dispensación responsable é unha ferramenta máis do traballo da hostalería e de todas as persoas que venden ou serven bebidas alcohólicas que aumenta a calidade do servizo do establecemento e minimiza os efectos negativos do consumo de alcol entre a clientela.

O seu principal obxectivo é reducir determinadas incidencias negativas relacionadas co alcol, polo que é unha actitude que vai en favor do negocio da hostalería, xa que aumenta a satisfacción da clientela.

As principais persoas beneficiarias serán as persoas propietarias dos negocios da hostalería e a clientela que valora positivamente un ambiente tranquilo e agradable nun local.



10 Pautas dunha dispensación responsable

- 1 *Aplica a normativa vixente, especialmente no que respecta ás persoas menores de idade*
- 2 *En caso de dúbida sobre a idade da clientela debes pedir a documentación*
- 3 *Recorda que a publicidade que incita ao consumo de bebidas alcohólicas está prohibida*
- 4 *Proporciona información sobre o transporte público (taxi, bus...)*
- 5 *Realiza promocións de bebidas sen alcol*
- 6 *Respecta as medida estándar de dispensación de alcol*
- 7 *Non consumas alcol no teu posto de traballo*
- 8 *Serve aperitivos que non conduzan sempre a beber, especialmente os salados*
- 9 *Recorda que as promocións que se incitan ao abuso do alcol (2x1, hora feliz) están prohibidas*
- 10 *Evita a venda de alcol a persoas con síntomas de intoxicación*

Recoñecendo signos de intoxicación

O consumo de alcol pode chegar a plantear problemas nos establecementos que poden ser minimizados polas persoas profesionais tendo os coñecementos axeitados para saber previr e dar resposta ante situacións complicadas de maneira rápida e eficaz.


Elaborar e establecer un **Protocolo de actuación** ante un caso de consumo problemático axuda ao persoal de hostalería a anticiparse e actuar do xeito máis efectivo.

É importante asegurar que todas as persoas empregadas coñezan as normas, procedementos ou **Protocolo de Actuación** (se existe) para a correcta aplicación en casos complicados.

Unha vez que se presentan os síntomas e con obxecto de evitar unha progresión da intoxicación da persoa, poden ser útiles algunhas destas estratexias:




Ofrece á persoa
bebidas sen alcol



Diminúe o contido
de alcol na seguinte
consumición



Non sirvas outra
bebida ata rematar
a que ten



Demora o servizo
o máximo posible




Comenta co resto do
persoal a situación
para evitar confusións

Como negarte a servir alcol

Segundo a situación e o estado da persoa pode ser convinte negarse a servir máis bebidas alcohólicas. Esta circunstancia pode dar lugar a situacións complicadas.

Algunhas recomendacións:

- Mantén a calma e mostra un trato respetuoso
- Fala de maneira discreta e directa coa persoa
- Comenta a situación con algún ou algunha das persoas que o/a acompaña
- Expressa abertamente a túa preocupación pola súa seguridade.
- Evita o uso de adxectivos despectivos ("borracho ou borracha")
- Non negocies a seguinte consumición ("Sirvoche a última copa e vaste").
- escoita e empatiza recoñecendo o seu enfado, frustración ou desacordo.
- Coméntalle que noutra ocasión será ben recibido ou recibida.
- Informa ao resto do persoal da situación.
- Se a situación se complica pode ser necesario chamar a policía.



Coma etílico, que facer?

Adquirir uns coñecementos básicos de primeiros auxilios é fundamental para reducir o dano ou salvar unha vida cando nos atopamos ante unha situación inesperada de emerxencia.

Os síntomas dun exceso de inxesta de alcol nunha persoa menor de idade comezan cunha fase de euforia que dá paso a un comportamento confuso, con desorientación tempo-espacial.

A persoa afectada adoita presentar alteracións ao falar e camiñar. Se se observa á persoa mareada é moi posible que vomite e ata que perda a conciencia.



Chama a
emerxencias




Se a persoa está consciente
evita a hipotermia cubríndoa



Se a persoa está inconsciente
colócaa na posición lateral de
seguridade



Non lle des comida
nin bebida



Non lle induzas a
vomitar



ASOCIACIÓN ÉRGUETE
www.asociacionerguete.org
986.250.240